



O encontro desenvolveuse no Parador de San Vicente del Pino | ALBERTO LÓPEZ

Os adegueiros da Ribeira Sacra celebraron a súa comida de Nadal

## Confraternidade vinícola

**Francisco Albo**

MONFORTE | A tradicional comida de confraternización dos adegueiros da Ribeira Sacra, celebrada onte no Parador de San Vicente, serviu para presentar oficialmente o vídeo promocional da denominación que está previsto exhibir de forma permanente no futuro museo do viño de Monforte cando entre en funcionamento e que foi proxectado por primeira vez durante o aperitivo que se ofreceu aos asistentes. O vídeo recolle fundamentalmente unha serie de entrevistas con diversos profesionais da zona, algúns deles con moitos anos de experiencia. O presidente do consello regulador, José Manuel Rodríguez, fixo votos para que o ano próximo poida inaugurar ese museo.

O festexo foi descrito por Rodríguez como un simple

encontro amistoso entre todos os que se dedican á elaboración de viño no ámbito da denominación de orixe, ainda que non todos puideran estar presentes nesta ocasión. E o encontro discorre efectivamente nun ambiente distendido e cordial. Entre os convidados encontrábanse o alcalde Severino Rodríguez, a concelleira María Xosé Vega e o director xeral de Industria Agroalimentaria y Alimentación do Ministerio de Agricultura, que xa ten estado presente anteriormente noutras edicións deste evento. Asistiron igualmente o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, e o delegado provincial deste departamento, Emilio López, ainda que por motivos de axenda non puideron chegar ata que xa estaba a piques de comenzar a comida.

Despois do almorzo, por

outro lado, celebrouse a entrega dos premios conseguidos polos adegueiros da Ribeira Sacra na edición número quince do Concurso Internacional de Viños de Montaña que se celebra na rexión italiana de Aosta e na que os produtos da zona adoitan colleitar cada ano varios galardóns. A comida de confraternización de Nadal dos adegueiros é o escenario habitual desta entrega. Nesta ocasión, os distinguidos no certamen de Aosta foron Adega Moure, Adega Viña Garoña —firmas que recibiron senllas medallas de prata—, María Jesús López Cristóbal, Casa Noguedo, As Oubenzas e Adega San José, ás que se lles entregaron mencións de honor. As dúas primeiras adegas tamén recibiron unha mención de honor cada unha, ademais das mencionadas distincións.